

LUGO

TRIBUNA

Xavier Rodríguez Barrio

Xulio Xiz | 28/6/2011

Hai poetas que cando len os seus poemas en público fan unha desfeita. E hainos que cando viven os seus poemas, ou os doutros poetas, fan que o verso cobre vida e nos encha por dentro de poesía ó escoitalo.

Un dos mellores decidores, interpretadores, de versos de Galicia témolo en Lugo, e chámase Xavier Rodríguez Barrio. A súa voz sonora non só vibra cos poemas senón que está disposta sempre a apoiar a todos os que a el acudimos en demanda de axuda.

Xavier, por riba de todo, é poeta. E gañou un premio no certame de Vilalba cando era moi novo, nos setenta. E foi pregoeiro das festas vilalbesas cando se cumpriu o cuarto de século daquel premio. Os galardóns choveron sobre a obra de Xavier, con nomes coma os de Celso Emilio, Lorenzo Baleirón ou Martín Codax, arroupando títulos como «Antífona da redención», «Os aposentos silenciados», «Celebración do gozo», «Antiga claridade» ou «Os laberintos da xerfa». O Premio Nacional da Crítica, hai case vinte anos, debe equivaler a nomealo «Cabaleiro das Letras» con dereito a Grandeza poética.

E agora, a todos os que o queremos alédanos a nova excelente de que o seu poemario «Calado testamento» é merecedora do Premio Cidade de Ourense, un dos máis veteranos e prestixiados do País.

Xavier é un home calado, que escribe fondo e lento, que foxe dos rebumbios e das vanidades, pero premios coma este non poden pasar desapercibidos. E aínda que xa de palabra lle din a miña fraterna felicitación, desde aquí, negro sobre branco, emocionado e contento, mándolle unha forte aperta irmán.